

marzo, engadido polo Decreto 238/1998, do 24 de xullo.

Polo exposto e, en uso das facultades que me confiren os artigos 34.6º e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, reformada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Acórdase a cesión en propiedade a favor da confraría de pescadores *San Cipriano* de Aldán do seguinte ben moble:

Embarcación tipo planadora, das seguintes características: Eslora: 5,57 m, manga: 2,05 m, puntal: 0,845 m. Arqueo: 2,12 TRB ou 1,25 GT.

Construcción: xuño de 2002, centro de formación *A Aixola*. Marín (Pontevedra).

Material de casco: poliéster reforzado con fibra de vidro.

Artigo 2º

A cesión queda sometida ás seguintes cláusulas:

a) O ben cedido tal como establecen os artigos 35bis, da Lei 3/1985, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e 96bis, do Decreto 50/1989, polo que se aproba o seu regulamento, destinarase a fins de utilidade pública ou interese social da confraría cesionaria, concretamente, á mellora das súas condicións técnicas ós confrades e ó sector.

b) Coa cesión outorgaráselle á confraría de pescadores citada a propiedade do ben moble cedido.

c) Se o ben cedido non se aplicase ó fin sinalado, se se descoidase ou utilizase con grave quebramento, ou se incumprisen as condicións do acordo, considerárase resolta a cesión e o ben reverterá na Comunidade Autónoma de Galicia, que terá dereito a percibir, logo da taxación pericial, o valor dos detrimentos ou deterioracións que experimentasen.

d) Será por conta da corporación cesionaria tódolos gastos de conservación e mantemento do ben moble cedido.

Artigo 3º

A devandita cesión formalizarase mediante acta subsrita polo secretario xeral desta consellería ou funcionario en que delegue, debendo constar nela o acordo de cesión e a aceptación do cesionario.

Disposición derradeira

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, a través da secretaría xeral, realizará os trámites necesarios para a efectividade de canto se dispón nesta orde.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2003.

Enrique César López Veiga
Conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos

Orde do 1 de abril de 2003 pola que se recoñece de interese galego a Fundación Lonxanet para la Pesca Sostenible e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Visto o expediente de recoñecemento de interese galego e inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da *Fundación Lonxanet para la Pesca Sostenible*, con domicilio na Coruña, rúa San Andrés, nº 143-baixo.

Supostos de feito:

1. Que a fundación formulou solicitude de clasificación e de declaración de interese galego o 13 de xaneiro de 2003.

2. A *Fundación Lonxanet para la Pesca Sostenible* foi constituída en escritura pública, outorgada na Coruña, o día 20 de setembro de 2002, ante o notario José Manuel Lois Puente, co número dous mil setecentos trinta e sete do seu protocolo, por Domingo Antonio García Allut e Francisco Javier Sanz Fernández nas súas condicións de presidente e secretario respectivamente, do consello de administración da entidade mercantil *Lonxanet Directo, S.L.*

3. Son fins da fundación segundo dispón o artigo 4 dos estatutos: a promoción da pesca sustentable, a divulgación dos valores da pesca artesanal e ecolóxica, a preservación do medio ambiente mariño, o desenvolvemento dun turismo específico e, todo iso, en colaboración coas confrarías de pescadores ou institucións que as substitúan.

4. O padroado da fundación estará integrado por Domingo Antonio García Allut como presidente; Miguel de José Belzunce, vicepresidente; Francisco Javier Sanz Fernández, secretario; y como vocais, José Manuel Cernadas Losada, Emilio Louro Lamela e Tomas Fajardo da Costa.

5. A comisión integrada polas secretarías xerais de tódalas consellerías elevoulle ó conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, proposta de clasificación como benéfico-social da *Fundación Lonxanet para la Pesca Sostenible* dado o seu obxecto e finalidade polo que, cumpríndose os requisitos esixidos na Lei 7/1983, do 22 de xuño, e na Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da lei anterior, de réxime de fundacións de interese galego, e segundo establece o artigo 32.1º e 2º do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, procedeuse á súa clasificación como benéfico-social e a súa adscrición á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.-O artigo 34 da Constitución española recoñece o dereito de fundación para fins de interese xeral de acordo coa lei, e o artigo 27.26º do Estatuto de autonomía para Galicia outórgalle competencia exclusiva sobre o réxime das fundacións de interese galego.

Segundo.-Conforme o artigo 32.3º a) do Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, é competencia desta consellería a declaración de interese galego e inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da *Fundación Lonxanet para la Pesca Sostenible*, dado o seu obxecto, coincidente coas competencias desenvolvidas pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, asumindo as funcións que en canto a protectorado lle corresponden á Xunta de Galicia.

Terceiro.-Ó abeiro do disposto no artigo 7.5º da Lei 7/1983, do 22 de xuño, á realización da finalidade fundacional débese destinar, cando menos, o oitenta por cento das rendas que obteña a fundación e dos outros ingresos que non forman parte da dotación dela.

Cuarto.-A Lei 11/1991, do 8 de novembro, dá nova redacción ó artigo 21.2º da Lei 7/1983, establecendo por unha parte as obrigas de formular e presenta-lo orzamento de ingresos e gastos ó protectorado con anterioridade ó inicio do exercicio económico e, por outra, a de efectuar un inventario-balance pechado na data de finalización do exercicio, unha memoria das actividades realizadas durante o ano e de xestión económica do patrimonio, así como a liquidación do orzamento de ingresos e gastos do ano anterior, que deberán presentarse ó protectorado no prazo de seis meses desde a data de peche do exercicio.

Este conxunto de obrigas débense entender asumidas pola fundación aínda que non se recollan expresamente nos seus estatutos.

Quinto.-Á vista do exposto pódense entender substancialmente cumpridos os requisitos legais e regulamentarios para a declaración de interese galego e a súa inscrición no Rexistro de Fundacións, Sección de Fundacións da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, segundo se desprende dos artigos 5, 6, 7, 8, 11.1º e 18 da Lei 7/1983, en relación cos artigos 2, 3, 4, 5 e 33 do Decreto 248/1992.

Por todo isto,

DISPOÑO:

Primeiro.-Recoñecer e declarar de interese galego a *Fundación Lonxanet para a Pesca Sostenible*.

Segundo.-Ordena-la súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, Sección de Fundacións da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Terceiro.-Aproba-los seus estatutos e a formación do seu órgano de Goberno.

Cuarto.-A dita fundación queda sometida ó disposto no resto da normativa xeral de aplicación, en especial á obriga de da-la publicidade suficiente ás súas actividades e á ausencia de ánimo de lucro na prestación dos seus servizos, quedando obrigada a rende-las contas anualmente ó protectorado e a xustificar, a través dunha memoria anual o cumprimento das cargas fundacionais, así como a pre-

sentalo proxecto de orzamento antes do último mes do exercicio económico anterior a aquel para o que se formula, debendo solicita-las preceptivas autorizacións do protectorado cando sexan necesarias.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2003.

Enrique César López Veiga
Conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL

Orde do 4 de abril de 2003 pola que se aproban os estatutos do Colexio de Economistas da Coruña e se dispón a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Por Real decreto 981/1979, do 9 de marzo, créase o Colexio de Economistas da Coruña.

O dito colexio, reunido en Xunta Xeral, que tivo lugar o día 27 de xuño de 2002, procedeu á aprobación dos seus estatutos, comunicándollos á Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local para os efectos da súa aprobación definitiva, inscrición no rexistro de colexios e publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

De acordo co disposto no artigo 18.1º parágrafo terceiro da Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo único.-Aprobar e ordena-la publicación no *Diario Oficial de Galicia* dos estatutos do Colexio de Economistas da Coruña, que figuran como anexo á presente orde.

Disposición derradeira

A presente orde entrará en vigor ós vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2003.

Antonio Pillado Montero
Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración
Local

Estatutos do Colexio de Economistas da Coruña

TÍTULO I

Do colexio

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 1º

O Colexio Oficial de Economistas da Coruña é unha corporación de dereito público, amparada pola lei e recoñecida polo Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade xurídica. Réxese